



Concello de Ortigueira

ANUNCIO

Expediente: 911/2026

Asunto: Selección de persoal e provisión de postos

Procedemento: Proceso selectivo para a contratación do alumnado-traballador do obradoiro dual de emprego “Terras do Ortegal III”, promovido polos concellos de Ortigueira, Cariño, Mañón e Cerdido na especialidade “Atencións sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais” e a contratación do alumnado-traballador na especialidade “Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería

Antecedentes:

1.- Por resolución da alcaldía número 2026-0534, do día 14 de maio de 2026 rectificada por resolución da alcaldía número 2026-0536 de data 14 de maio de 2026, aproba as bases reguladoras para a contratación do alumnado-traballador do obradoiro dual de emprego “Terras do Ortegal III”, promovido polos concellos de Ortigueira, Cariño, Mañón e Cerdido na especialidade “Atencións sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais” e a contratación do alumnado-traballador na especialidade “Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería

Na parte dispositiva dí:

“Quinto.- *Publicar o texto íntegro das bases reguladoras para a contratación do alumnado do obradoiro Terras do Ortegal III, no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Ortigueira.*

Sexto.- *Dar traslado destas bases aos concellos de Cariño, Mañón e Cerdido, para a publicación das bases reguladoras dos procesos selectivos para a contratación do alumnado-traballador nas súas sedes electrónicas*

Séptimo.- *Remisión a Xefatura territorial de emprego da Coruña.*

Oitavo.- *Solicitar ao Servizo Público de emprego na oficina de As Pontes de García Rodríguez, oferta de persoas desempregadas inscritas como demandantes non ocupadas e estar dispoñibles, que cumpran os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato de formación en alternancia, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ó Obradoiro dual de emprego, dende a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 5 desta orde.”*

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE 10 ALUMNOS/AS TRABALLADORES/AS DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “TERRAS DO ORTEGAL III” PROMOVIDO POLOS CONCELLOS DE ORTIGUEIRA, CARIÑO, MAÑÓN E CERDIDO NA ESPECIALIDADE “ACTIVIDADES AUXILIARES EN VIVEIROS, XARDÍNS E CENTROS DE XARDINERÍA”

Primeira.- Obxecto da convocatoria, normas xerais e principios de actuación

O obradoiro dual de emprego “TERRAS DO ORTEGAL III” configúrase como un programa mixto de emprego e formación que ten por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de dezaoto ou máis anos de idade, mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que posibiliten ao alumnado participante a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente co devandito traballo, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo. Este obradoiro está cofinanciado pola Comunidade Autónoma de Galicia ao abeiro da Orde do 14 de NOVEMBRO de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR353A), publicada no DOG nº





Concello de Ortigueira

228, do 25 de novembro de 2025 e promovido polos concellos de ORTIGUEIRA, CARIÑO, MAÑÓN e CERDIDO sendo o Concello de Ortigueira a entidade promotora do proxecto. Respéctanse polo tanto o establecido na Resolución de concesión de subvención, de data de 17/04/2026 e con número de expediente TR53A-2025/000096-1, e a instrución en relación co procedemento de selección de persoal directivo, docente e de apoio así como do alumno-traballador dos programa de emprego para persoas mozas e dos Obradoiros duais de emprego. Convocatoria 2025-26., de data 25/11/2025. Establécese así mesmo o sistema, requisitos, baremos ou probas que se aplicarán na selección das 20 persoas alumnas traballadoras que participarán no obradoiro dual de emprego “ TERRAS DO ORTEGAL III”, promovido polos Concellos de Ortigueira, Cariño, Mañón e Cerdido, subvencionado pola Consellería de Emprego Comercio e Emigración.. A selección do alumnado traballador participante no proxecto que se vai a poñer en funcionamento será realizada pola entidade promotora mediante un procedemento específico regulado mediante instrución da, Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego tendo en conta as prioridades do proxecto, aos itinerarios formativos e a criterios de igualdade e obxectividade. Nos criterios de selección do alumnado-traballador do obradoiro dual de emprego procurarase a maior adaptación das persoas que se van seleccionar á especialidade e as particulares circunstancias de dificultade de ésta. Estes criterios deberán incluírse nas bases reguladoras que aprobará a entidade promotora, que deberán respectar os requisitos e criterios de selección establecidos nesta orde e na instrución da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego que a desenvolva.

Segunda.- Publicidade do proceso:

As presentes bases reguladoras do proceso de selección do alumnado unha vez aprobadas pola entidade promotora exporáanse ao público no taboleiro de anuncios do Concello de Ortigueira e na súa sede electrónica (<https://ortigueira.sedelectronica.es>) no apartado de Taboleiro de Anuncios así como nos taboleiros e webs dos concellos de Cariño, Mañón e Cerdido. Ademais enviaráanse ás oficinas de emprego de As PONTES que tramite a oferta de emprego e tamén serán remitidas á Xefatura Territorial correspondente. Todas as fases do proceso daránse a coñecer no taboleiro de anuncios do Concello de Ortigueira e na súa sede electrónica así como nos taboleiros e webs dos concellos de Cariño, Mañón e Cerdido.

Rematado o proceso de selección, a entidade promotora remitirá á oficina de emprego e á xefatura territorial correspondente, a documentación xustificativa do procedemento e a relación das persoas seleccionadas.

Terceira.- Relación xurídica das persoas traballadoras participantes coa entidade promotora do obradoiro de emprego.

Durante a súa incorporación ao obradoiro dual de emprego as persoas alumnas seleccionadas estarán vinculadas á entidade promotora mediante a modalidade de contrato para a formación e aprendizaxe. Os contratos de traballo terán carácter temporal, cunha duración de nove meses e serán a xornada completa. De conformidade co establecido no artigo 14 da Orde do 14 de novembro de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas administracións públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público. O alumnado-traballador seleccionado non se considerarán incluídos nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo, e consecuentemente, non será precisa oferta de emprego pública previa.

Cuartá.- Requisitos das persoas aspirantes.

As persoas participantes no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Requisitos xerais.

-Ter dezaoito ou máis anos de idade.





Concello de Ortigueira

-Estar desempregadas, entendéndose nesta situación ás persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego. Este requisito deberá de manterse na súa data de incorporación ao proxecto.

-Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro dual de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 5 desta orde de convocatoria. -Cando a formación a impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 ou 3, cumprir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan ditos certificados:

A especialidade de Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería(AGAO0108) non require cumprir criterios de formación de base por conducir a un certificado de profesionalidade de nivel 1

- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden ao posto convocado, estando en condicións de incorporarse ao mesmo na data de inicio do proxecto formativo.

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo

b) Requisitos específicos:

1.-Nivel profesional: peón.

Quinta.- Causas de exclusión

-Non cumprir os requisitos exixidos nestas bases e na orde de convocatoria, no momento da súa incorporación ao obradoiro dual de emprego.

-Ter cursado a especialidade formativa que se programa no obradoiro e para a cal foi seleccionado/a.

Sexta.- Oferta de actividade.

Aprobados os criterios de selección das persoas alumnas traballadoras que van participar no obradoiro dual de emprego, presentaránse ofertas de emprego, en función das especialidades formativas que se van a impartir e do concello nos que están localizadas as actuacións previstas no proxecto de obradoiro, definindo nas mesmas os parámetros de sondaxe.

No caso que nunha oferta quedase algún posto por cubrir, sería cuberto polo candidato/a da mesma especialidade con maior puntuación que figuren nas listas de reserva, independentemente do concello.

Neste caso correspóndendolle tramitar as ofertas ás oficina de emprego de As Pontes De García Rodríguez:

OFERTA 1 •

Ámbito xeográfico: Concello de Ortigueira.

- Número de persoas alumnas-traballadoras: 5
- **Especialidade formativa a cursar: AGAO0108(Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería)**
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: (Peón agrícola en xeral ,peón de horticultura, peón de viveiro, peón de centros de xardinería
- Nivel profesional: peón





Concello de Ortigueira

Requisitos: -Ter dezaoito anos ou mais anos de idade .

-Estar desempregadas, entendéndose nesta situación as persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e esten dispoñibles para o emprego.

-Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato de formación en alternancia, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ó Obradoiro dual de emprego, dende a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 5 desta orde.

-Cumprir os requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan os certificados de nivel de cualificación 2

. -Non ter participado con anterioridade noutro Obradoiro de emprego para recibir formación no mesmo certificado profesional ou en outro da mesma familia excepto que o certificado cursado sexa de nivel inferior , con independencia de que rematase o Obradoiro anterior con resultado de apto ou non. **OFERTA 2**

• **Ámbito xeográfico: Concello de Cariño.**

• **Número de persoas alumnas-traballadoras: 1**

• **Especialidade formativa a cursar : AGAO0108(Actividades auxiliares en viveiros, xardins e centros de xardinería)**

• Ocupacións ou postos de traballo relacionados: (coidador de minusválidos físicos, psíquicos e sensoriales. Coidador/a de persoas dependentes en institución. Xerocultor/a.

• Nivel profesional: peón

Requisitos: -Ter dezaoito anos ou mais anos de idade .

-Estar desempregadas, entendéndose nesta situación as persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e esten dispoñibles para o emprego.

-Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato de formación en alternancia, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ó Obradoiro dual de emprego, dende a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 5 desta orde.

-Cumprir os requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan os certificados de nivel de cualificación 2.

-Non ter participado con anterioridade noutro Obradoiro de emprego para recibir formación no mesmo certificado profesional ou en outro da mesma familia excepto que o certificado cursado sexa de nivel inferior , con independencia de que rematase o Obradoiro anterior con resultado de apto ou non.

OFERTA 3

• **Ámbito xeográfico: Concello de Mañón**

• **Número de persoas alumnas-traballadoras: 2**

• **Especialidade formativa a cursar : AGAO0108(Actividades auxiliares en viveiros, xardins e**





Concello de Ortigueira

centros de xardinería)

- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: (coidador de minusválidos físicos, psíquicos e sensoriales. Coidador/a de persoas dependentes en institución. Xerocultor/a.
- Nivel profesional: peón

Requisitos: -Ter dezaoto anos ou mais anos de idade .

-Estar desempregadas, entendéndose nesta situación as persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e esten dispoñibles para o emprego.

-Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato de formación en alternancia, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ó Obradoiro dual de emprego, dende a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 5 desta orde.

-Cumprir os requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan os certificados de nivel de cualificación

2. -Non haber participado con anterioridade noutro Obradoiro de emprego para recibir formación no mesmo certificado profesional ou en outro da mesma familia excepto que o certificado cursado sexa de nivel inferior , con independencia de que rematase o Obradoiro anterior con resultado de apto ou non.

OFERTA 4. • Ámbito xeográfico: Concello de Cerdido

- Número de persoas alumnas-traballadoras: 2
- Especialidade formativa a cursar : AGAO108(Actividades auxiliares en viveiros, xardins e centros de xardinería)

• Ocupacións ou postos de traballo relacionados: (coidador de minusválidos físicos, psíquicos e sensoriales. Coidador/a de persoas dependentes en institución. Xerocultor/a.

- Nivel profesional: peón

Requisitos: -Ter dezaoto anos ou mais anos de idade . -Estar desempregadas, entendéndose nesta situación as persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e esten dispoñibles para o emprego.

-Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato de formación en alternancia, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ó Obradoiro dual de emprego, dende a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 5 desta orde.

-Cumprir os requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan os certificados de nivel de cualificación

2. -Non haber participado con anterioridade noutro Obradoiro de emprego para recibir formación no mesmo certificado profesional ou en outro da mesma familia excepto que o certificado cursado sexa de nivel inferior , con independencia de que rematase o Obradoiro anterior con resultado de apto ou non.





Concello de Ortigueira

A oficina de emprego remitirá ao concello de Ortigueira a relación das persoas candidatas resultado da oferta, na medida do posible, tres por posto.

Concluída a sondaxe, a oficina de emprego realizará a comunicación ás persoas preseleccionadas do lugar, data e hora en que deberán presentarse coa documentación acreditativa dos méritos sinalados nestas bases, e se é o caso, para a realización da entrevista persoal ou calquera outra valoración subxectiva, que sempre terá lugar con anterioridade á baremación de méritos.

Sétima.-Comisión de selección

A avaliación das probas ou méritos previstos nestas bases para a selección dos aspirantes corresponderalle a unha comisión de selección cuxos membros serán empregados públicos dos Concello de Ortigueira, Cariño, Mañón e Cerdido designados pola Alcaldía. Estará integrada por tres membros, un dos cales actuará como presidente e outro como vogal-secretario, e os seus respectivos suplentes.

As persoas suplentes nomeadas para compoñer este órgano poderán actuar indistintamente en relación ao respectivo titular, excepto unha vez iniciada unha sesión na que non se poderá actuar simultaneamente.

Para o funcionamento deste órgano será precisa a asistencia de todos os seus membros, xa sexan titulares ou suplentes. Todos os membros disporán de voz e voto. Os acordos adoptaranse por maioría simple.

As persoas membros da comisión deberán absterse de intervir, notificándoo á Alcaldía, cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público, ou houbesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas durante os cinco anos inmediatamente anteriores á publicación da convocatoria.

Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros deste órgano cando concorran ditas circunstancias a tenor do establecido no artigo 24 da mesma Lei.

A comisión de selección está facultada para resolver todas as cuestións derivadas da aplicación destas bases e a adoptar todas aquelas determinacións que estime pertinentes para o correcto desenvolvemento do procedemento selectivo.

A comisión poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de persoas asesoras especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias así o aconsellen, limitándose os mencionados asesores/as a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas

Oitava.- Procedemento de selección

De acordo co disposto na orde de convocatoria terán preferencia para participar nestes proxectos as persoas que, tendo prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral, teñan especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, tales como os emigrantes retornados; as mulleres en xeral; as mulleres vítimas de violencia de xénero; as persoas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego; as persoas paradas de longa duración; as persoas maiores de corenta e cinco anos; as persoas que carecen de títulos universitarios e de FP de grao superior, excepto para os certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 3 en que se require unha maior formación, xa que estes programas van dirixidos ás persoas que, con carácter xeral, carecen dunha cualificación profesional; as persoas con discapacidade, sempre que poidan realizar os traballos, e as persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia.

En todo caso, terán prioridade na selección aquelas persoas alumnas candidatas que non tiveran participado nos tres últimos anos nun obradoiro de emprego, contados desde a data da finalización do obradoiro en cuestión, polo que aqueles que participaron en anteriores obradoiros pasarán ao final da lista, na orde que lle corresponda tendo en conta a súa puntuación.





Concello de Ortigueira

Á vista do anterior, a comisión de selección en primeiro lugar realizará unha entrevista persoal co obxectivo de avaliar o interese da persoa candidata en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo, entrevista que se valorará con 5 puntos.

Unha vez rematadas todas as entrevistas, faranse públicas as puntuacións no taboeiro de anuncios do lugar en que tiveron lugar as mesmas e na páxina web da entidade promotora. A continuación terá lugar a baremación de méritos obxectivos, baremo establecido no Anexo I, por medio do cal serán avaliadas as circunstancias e profesionais das persoas candidatas remitidas pola oficina de emprego, cunha puntuación máxima de 5 puntos.

Finalizado o proceso de selección, o tribunal de cualificación procederá ao establecemento das puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento; puntuacións que virán dadas pola suma dos puntos acadados na entrevista persoal e na valoración de méritos e determinarán a orde de prelación das persoas candidatas para a súa ulterior contratación pola entidade promotora.

En caso de empate entre algún dos candidatos priorizaráse ás persoas con dificultade de inserción en base ós seguintes criterios:

- Persoa parada de longa duración
- Persoa beneficiaria de prestacións(contributiva e non contributiva)
- Maior de 45 anos
- Muller.

Novena.- Listaxe de reserva.

Coa finalidade de suplir as posibles baixas das persoas seleccionadas como alumnas traballadoras, elaborárase unha lista de reserva que estará integrada polas persoas candidatas que, non sendo seleccionadas, obtiveran as maiores puntuacións. En caso de esgotarse realizaríase novamente oferta na oficina de emprego.

Esta listaxe de reserva terá vixencia mentres sexa posible substituír ao alumno/a traballador/a.

Décima.- Contratación.

As persoas seleccionadas pola comisión de selección da entidade promotora, para participar no obradoiro dual de emprego na condición de alumnos/as traballadores/as

En todo caso os requisitos de selección deben de manterse na data de incorporación ao proxecto.

ANEXO I

PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO DOS OBRADOIROS DE EMPREGO CRITERIOS SUBJETIVOS

A entrevista persoal.

Puntuaráse ata un máximo de 5 puntos

Na que se valorará o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo.

Terán prioridade as persoas que non participaran nun Obradoiro dual ou programa de emprego

De garantía xuvenil nas cinco convocatorias inmediatamente anteriores. Para aplicar esta prioridade, a oficina de emprego debe indicar aqueles candidatos que se atopen nesta circunstancia. Os candidatos





Concello de Ortigueira

que non participaran nas ultimas cinco convocatorias terán unha puntuación do 25% sobre a puntuación desta fase no proceso selectivo. Puntuarase ata un máximo de 5 puntos

CRITERIOS OBXETIVOS

Puntuarase ata un máximo de 5 puntos

A demanda de emprego(ter solicitada algunha das ocupacións ou postos relacionados coa especificidade a impartir no proxecto.) **Puntuarase ata un máximo de 2 puntos**

1 ocupación solicitada1 punto

2 ou máis ocupacións solicitadas2 puntos.

Solicitar este Servizo a través da súa demanda de emprego 1 punto

Ter prevista a realización de este tipo de medidas(Obradoiro, casa de oficio, formación dual) no seu itinerario de inserción laboral 2 puntos

Os criterios obxetivos serán comprobados de oficio a través de SICAS e polo medio da entrevista persoal.

A suma dos criterios obxetivos e subxetivos poderá acadar a **puntuación máxima de 10.**

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE 10 ALUMNOS/AS TRABALLADORES/AS DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “TERRAS DO ORTEGAL III” PROMOVIDO POLOS CONCELLOS DE ORTIGUEIRA, CARIÑO, MAÑÓN E CERDIDO NA ESPECIALIDADE “ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS”

Primeira.- Obxecto da convocatoria, normas xerais e principios de actuación

O obradoiro dual de emprego “TERRAS DO ORTEGAL III” configúrase como un programa mixto de emprego e formación que ten por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de dezaioito ou máis anos de idade, mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que posibiliten ao alumnado participante a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente co devandito traballo, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo. Este obradoiro está cofinanciado pola Comunidade Autónoma de Galicia ao abeiro da Orde do 14 de NOVIEMBRE de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR353A), publicada no DOG nº 228, do 25 de novembro de 2025 e promovido polos concellos de ORTIGUEIRA, CARIÑO, MAÑÓN e CERDIDO sendo o Concello de Ortigueira a entidade promotora do proxecto. Respéctanse polo tanto o establecido na Resolución de concesión de subvención, de data de 17/04/2026 e con número de expediente TR53A-2025/000096-1, e a instrucción en relación co procedemento de selección de persoal directivo, docente e de apoio así como do alumno-traballador dos programa de emprego para persoas mozas e dos Obradoiros duais de emprego. Convocatoria 2025-26., de data 25/11/2025. Establécese así mesmo o sistema, requisitos, baremos ou probas que se aplicarán na selección das 20 persoas alumnas traballadoras que participarán no obradoiro dual de emprego “ TERRAS DO ORTEGAL III”, promovido polos Concellos de Ortigueira, Cariño, Mañón e Cerdido, subvencionado pola Consellería de Emprego Comercio e Emigración.. A selección do alumnado traballador participante no proxecto que se vai a poñer en funcionamento será realizada pola entidade promotora mediante un procedemento específico regulado mediante instrucción da, Dirección Xeral de





Concello de Ortigueira

Formación e Cualificación para o Emprego tendo en conta as prioridades do proxecto, aos itinerarios formativos e a criterios de igualdade e obxectividade. Nos criterios de selección do alumnado-traballador do obradoiro dual de emprego procurarase a maior adaptación das persoas que se van seleccionar á especialidade e as particulares circunstancias de dificultade de ésta. Estes criterios deberán incluírse nas bases reguladoras que aprobará a entidade promotora, que deberán respectar os requisitos e criterios de selección establecidos nesta orde e na instrución da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego que a desenvolva.

Segunda.- Publicidade do proceso:

As presentes bases reguladoras do proceso de selección do alumnado unha vez aprobadas pola entidade promotora exporáanse ao público no taboleiro de anuncios do Concello de Ortigueira e na súa sede electrónica (<https://ortigueira.sedelectronica.es>) no apartado de Taboleiro de Anuncios así como nos taboleiros e webs dos concellos de Cariño, Mañón e Cerdido. Ademais enviaráanse ás oficinas de emprego de As PONTES que tramite a oferta de emprego e tamén serán remitidas á Xefatura Territorial correspondente. Todas as fases do proceso daránse a coñecer no taboleiro de anuncios do Concello de Ortigueira e na súa sede electrónica así como nos taboleiros e webs dos concellos de Cariño, Mañón e Cerdido.

Rematado o proceso de selección, a entidade promotora remitirá á oficina de emprego e á xefatura territorial correspondente, a documentación xustificativa do procedemento e a relación das persoas seleccionadas.

Terceira.- Relación xurídica das persoas traballadoras participantes coa entidade promotora do obradoiro de emprego.

Durante a súa incorporación ao obradoiro dual de emprego as persoas alumnas seleccionadas estarán vinculadas á entidade promotora mediante a modalidade de contrato para a formación e aprendizaxe. Os contratos de traballo terán carácter temporal, cunha duración de nove meses e serán a xornada completa. De conformidade co establecido no artigo 14 da Orde do 14 de novembro de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas administracións públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público. O alumnado-traballador seleccionado non se considerarán incluídos nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo, e consecuentemente, non será precisa oferta de emprego pública previa.

Cuarta.- Requisitos das persoas aspirantes.

As persoas participantes no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Requisitos xerais.

-Ter dezoito ou máis anos de idade.

-Estar desempregadas, entendéndose nesta situación ás persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego. Este requisito deberá de manterse na súa data de incorporación ao proxecto.

-Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro dual de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 5 desta orde de convocatoria. -Cando a formación a impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 ou 3, cumprir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan ditos certificados:

A especialidade de Atención Sociosanitaria a Persoas dependentes en institucións sociais(SSCS0208) Nivel 2, cumprir algún dos seguintes criterios: -





Concello de Ortigueira

Estar en posesión do Título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.

- Estar en posesión do Certificado de Profesionalidade de nivel 2.
- Estar en posesión do Certificado de Profesionalidade de nivel 1 da mesma familia e área Estar en posesión do Certificado de Profesionalidade de nivel 1 da mesma familia e área profesional.
- Cumprir o requisito académico de acceso aso ciclos formativos de grao medio ou ben superar as correspondentes probas de acceso reguladas polas administracións educativas.
- Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos e/ou de 45 anos.
- Ter superado as competencias clave correspondentes.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden ao posto convocado, estando en condicións de incorporarse ao mesmo na data de inicio do proxecto formativo.

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo

b) Requisitos específicos:

1.-Nivel profesional: ata oficial de 2ª inclusive.

Quinta.- Causas de exclusión

-Non cumprir os requisitos exixidos nestas bases e na orde de convocatoria, n o momento da súa incorporación ao obradoiro dual de emprego.

-Ter cursado a especialidade formativa que se programa no obradoiro e para a cal foi seleccionado/a.

Sexta.- Oferta de actividade.

Aprobados os criterios de selección das persoas alumnas traballadoras que van participar no obradoiro dual de emprego, presentaránse ofertas de emprego, en función das especialidades formativas que se van a impartir e do concello nos que están localizadas as actuacións previstas no proxecto de obradoiro, definindo nas mesmas os parámetros de sondaxe.

No caso que nunha oferta quedase algún posto por cubrir, sería cuberto polo candidato/a da mesma especialidade con maior puntuación que figuren nas listas de reserva, independentemente do concello.

Neste caso correspóndendolle tramitar as ofertas ás oficina de emprego de As Pontes De García Rodríguez:

OFERTA 1 •

Ámbito xeográfico: Concello de Ortigueira.

- Número de persoas alumnas-traballadoras: 4
- **Especialidade formativa a cursar: SSCS0208(Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais)**
- Ocupacións ou postos de traballo relacionados: (coidador de minusválidos físicos, psíquicos e sensoriales.Coidador/a de persoas dependentes en institución. Xerocultor/a.
- Nivel profesional: ata oficial de 2ª inclusive

Requisitos: -Ter dezaoito anos ou mais anos de idade .





Concello de Ortigueira

-Estar desempregadas, entendéndose nesta situación as persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e esten dispoñibles para o emprego.

-Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato de formación en alternancia, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ó Obradoiro dual de emprego, dende a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 5 desta orde.

-Cumprir os requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan os certificados de nivel de cualificación 2

. -Non ter participado con anterioridade noutro Obradoiro de emprego para recibir formación no mesmo certificado profesional ou en outro da mesma familia excepto que o certificado cursado sexa de nivel inferior , con independencia de que rematase o Obradoiro anterior con resultado de apto ou non. **OFERTA 2**

• **Ámbito xeográfico: Concello de Cariño.**

• **Número de persoas alumnas-traballadoras: 3**

• **Especialidade formativa a cursar : SSCS0208(Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais)**

• Ocupacións ou postos de traballo relacionados: (coidador de minusválidos físicos, psíquicos e sensoriales.Coidador/a de persoas dependentes en institución. Xerocultor/a.

• Nivel profesional: ata oficial de 2ª inclusive

Requisitos: -Ter dezaoito anos ou mais anos de idade .

-Estar desempregadas, entendéndose nesta situación as persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e esten dispoñibles para o emprego.

-Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato de formación en alternancia, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ó Obradoiro dual de emprego, dende a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 5 desta orde.

-Cumprir os requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan os certificados de nivel de cualificación 2.

-Non ter participado con anterioridade noutro Obradoiro de emprego para recibir formación no mesmo certificado profesional ou en outro da mesma familia excepto que o certificado cursado sexa de nivel inferior , con independencia de que rematase o Obradoiro anterior con resultado de apto ou non.

OFERTA 3

• **Ámbito xeográfico: Concello de Mañón**

• **Número de persoas alumnas-traballadoras: 2**

• **Especialidade formativa a cursar: SSCS0208(Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais)**

• Ocupacións ou postos de traballo relacionados: (coidador de minusválidos físicos, psíquicos e sensoriales.Coidador/a de persoas dependentes en institución.Xerocultor/a.





Concello de Ortigueira

- Nivel profesional: ata oficial de 2ª inclusive

Requisitos: -Ter dezaoito anos ou mais anos de idade .

-Estar desempregadas, entendéndose nesta situación as persoas demandantes de emprego inscritass no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e esten dispoñibles para o emprego.

-Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato de formación en alternancia, co obxecto de ter vinculación mediante uncontrato de tales características ó Obradoiro dual de emprego, dende a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 5 desta orde.

-Cumprir os requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan os certificados de nivel de cualificación

2. -Non haber participado con anterioridade noutro Obradoiro de emprego para recibir formación no mesmo certificado profesional ou en outro da mesma familia excepto que o certificado cursado sexa de nivel inferior , con independencia de que rematase o Obradoiro anterior con resultado de apto ou non.

OFERTA 4. • Ámbito xeográfico: Concello de Cerdido

- Número de persoas alumnas-traballadoras: 1

• **Especialidade formativa a cursar: SSCS0208(Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais)**

• Ocupacións ou postos de traballo relacionados: (coidador de minusválidos físicos, psíquicos e sensoriales.Coidador/a de persoas dependentes en institución.Xerocultor/a.

- Nivel profesional: ata oficial de 2ª inclusive

Requisitos: -Ter dezaoito anos ou mais anos de idade . -Estar desempregadas, entendéndose nesta situación as persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e esten dispoñibles para o emprego.

-Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato de formación en alternancia, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ó Obradoiro dual de emprego, dende a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto nos artigos 2 e 5 desta orde.

-Cumprir os requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan os certificados de nivel de cualificación

2. -Non haber participado con anterioridade noutro Obradoiro de emprego para recibir formación no mesmo certificado profesional ou en outro da mesma familia excepto que o certificado cursado sexa de nivel inferior , con independencia de que rematase o Obradoiro anterior con resultado de apto ou non.

A oficina de emprego remitirá ao concello de Ortigueira a relación das persoas candidatas resultado da oferta, na medida do posible, tres por posto.

Concluída a sondaxe, a oficina de emprego realizará a comunicación ás persoas preseleccionadas do lugar, data e hora en que deberán presentarse coa documentación acreditativa dos méritos sinalados nestas bases, e se é o caso, para a realización da entrevista persoal ou calquera outra valoración subxectiva, que sempre terá lugar con anterioridade á baremación de méritos.





Concello de Ortigueira

Sétima.-Comisión de selección

A avaliación das probas ou méritos previstos nestas bases para a selección dos aspirantes corresponderalle a unha comisión de selección cuxos membros serán empregados públicos dos Concello de Ortigueira, Cariño, Mañón e Cerdido designados pola Alcaldía. Estará integrada por tres membros, un dos cales actuará como presidente e outro como vogal-secretario, e os seus respectivos suplentes.

As persoas suplentes nomeadas para compoñer este órgano poderán actuar indistintamente en relación ao respectivo titular, excepto unha vez iniciada unha sesión na que non se poderá actuar simultaneamente.

Para o funcionamento deste órgano será precisa a asistencia de todos os seus membros, xa sexan titulares ou suplentes. Todos os membros disporán de voz e voto. Os acordos adoptaranse por maioría simple.

As persoas membros da comisión deberán absterse de intervir, notificándoo á Alcaldía, cando concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público, ou houbesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas durante os cinco anos inmediatamente anteriores á publicación da convocatoria.

Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros deste órgano cando concorran ditas circunstancias a tenor do establecido no artigo 24 da mesma Lei.

A comisión de selección está facultada para resolver todas as cuestións derivadas da aplicación destas bases e a adoptar todas aquelas determinacións que estime pertinentes para o correcto desenvolvemento do procedemento selectivo.

A comisión poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de persoas asesoras especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias así o aconsellen, limitándose os mencionados asesores/as a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas

Oitava.- Procedemento de selección

De acordo co disposto na orde de convocatoria terán preferencia para participar nestes proxectos as persoas que, tendo prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral, teñan especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, tales como os emigrantes retornados; as mulleres en xeral; as mulleres vítimas de violencia de xénero; as persoas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego; as persoas paradas de longa duración; as persoas maiores de corenta e cinco anos; as persoas que carecen de títulos universitarios e de FP de grao superior, excepto para os certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 3 en que se require unha maior formación, xa que estes programas van dirixidos ás persoas que, con carácter xeral, carecen dunha cualificación profesional; as persoas con discapacidade, sempre que poidan realizar os traballos, e as persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia.

En todo caso, terán prioridade na selección aquelas persoas alumnas candidatas que non tiveran participado nos tres últimos anos nun obradoiro de emprego, contados desde a data da finalización do obradoiro en cuestión, polo que aqueles que participaron en anteriores obradoiros pasarán ao final da lista, na orde que lle corresponda tendo en conta a súa puntuación.

Á vista do anterior, a comisión de selección en primeiro lugar realizará unha entrevista persoal co obxectivo de avaliar o interese da persoa candidata en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo, entrevista que se valorará con 5 puntos.

Unha vez rematadas todas as entrevistas, faranse públicas as puntuacións no taboeiro de anuncios do lugar en que tiveron lugar as mesmas e na páxina web da entidade promotora. A continuación terá





Concello de Ortigueira

lugar a baremación de méritos obxectivos, baremo establecido no Anexo I, por medio do cal serán avaliadas as circunstancias e profesionais das persoas candidatas remitidas pola oficina de emprego, cunha puntuación máxima de 5 puntos.

Finalizado o proceso de selección, o tribunal de cualificación procederá ao establecemento das puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento; puntuacións que virán dadas pola suma dos puntos acadados na entrevista persoal e na valoración de méritos e determinarán a orde de prelación das persoas candidatas para a súa ulterior contratación pola entidade promotora.

En caso de empate entre algún dos candidatos priorizaráse ás persoas con dificultade de inserción en base ós seguintes criterios:

- Persoa parada de larga duración
- Persoa beneficiaria de prestacións(contributiva e non contributiva)
- Maior de 45 anos
- Muller.

Novena.- Listaxe de reserva.

Coa finalidade de suplir as posibles baixas das persoas seleccionadas como alumnas traballadoras, elaborárase unha lista de reserva que estará integrada polas persoas candidatas que, non sendo seleccionadas, obtiveran as maiores puntuacións. En caso de esgotarse realizaríase novamente oferta na oficina de emprego.

Esta listaxe de reserva terá vixencia mentres sexa posible substituír ao alumno/a traballador/a.

Décima.- Contratación.

As persoas seleccionadas pola comisión de selección da entidade promotora, para participar no obradoiro dual de emprego na condición de alumnos/as traballadores/as

En todo caso os requisitos de selección deben de manterse na data de incorporación ao proxecto.

ANEXO I

PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO DOS OBRADOIROS DE EMPREGO CRITERIOS SUBXETIVOS

A entrevista persoal.

Puntuaráse ata un máximo de 5 puntos

Na que se valorará o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo.

Terán prioridade as persoas que non participaran nun Obradoiro dual ou programa de emprego

De garantía xuvenil nas cinco convocatorias inmediatamente anteriores. Para aplicar esta prioridade, a oficina de emprego debe indicar aqueles candidatos que se atopen nesta circunstancia. Os candidatos que non participaran nas últimas cinco convocatorias terán unha puntuación do 25% sobre a puntuación desta fase no proceso selectivo. Puntuaráse ata un máximo de 5 puntos

CRITERIOS OBXETIVOS

Puntuaráse ata un máximo de 5 puntos

A demanda de emprego(ter solicitada algunha das ocupacións ou postos relacionados coa especificidade a impartir no proxecto.) **Puntuaráse ata un máximo de 2 puntos**





Concello de Ortigueira

1 ocupación solicitada1 punto

2 ou máis ocupacións solicitadas2 puntos.

Solicitar este Servizo a través da súa demanda de emprego 1 punto

Ter prevista a realización de este tipo de medidas(Obradoiro, casa de oficio, formación dual) no seu itinerario de inserción laboral 2 puntos

Os criterios obxetivos serán comprobados de oficio a través de SICAS e polo medio da entrevista persoal.

A suma dos criterios obxetivos e subxetivos poderá acadar a **puntuación máxima de 10.**

O que se fai público para xeral coñecemento.

Documento asinado dixitalmente

O Alcalde

José Valentín Calvín Fondevila.

